



Workshop online Tecidos industriais

Venres, 22 de outubro de 2021. De 10:30 a 12:15 h.

Este workshop en liña organizado pola Axencia Galega de Innovación a través da Materioteca de Galicia está destinado a profesionais de carácter técnico e deseñadores/as de produto, co obxectivo de compartir con eles exemplos de aplicación de tecidos deseñados para cumprir con determinadas características funcionais ou técnicas que van máis aló de aspectos estéticos ou artísticos.

A xornada comezará coa presentación, por parte da empresa **Materially**, dun estudo estratéxico baseado na recompilación de tecidos con funcionalidades que cobren desde a protección contra altas temperaturas, cortes, radiacións e contaminantes ata labores como a

absorción de enerxía, a impermeabilización e o reforzo.

Seguirán dous exemplos de aplicación dos tecidos industriais en Galicia. O **Grupo JJChicolino** expoñerá as súas propostas para o sector da pesca e acuicultura e o **Grupo Copo** mostrará os tecidos destinados ao tapizado de asentos para automoción, combinando a estética e o confort coa limpeza, a resistencia ao desgaste e a seguridade.

A nivel nacional e dentro do campo da sustentabilidade, serán presentadas as propostas de **SIGNUS** para promover o emprego de pneumáticos reciclados no proceso de creación de diversos tecidos.

10:30 - 10:45 h	Presentación da xornada e futuros eventos da Materioteca Galicia María José Mariño - Axencia Galega de Innovación
10:45 - 11:15 h	Estudo estratéxico sobre oportunidades baseadas nos tecidos industriais Unai Etxebarria e Iker Agirre - Materially
11:15 - 11:30 h	Fibras para miticultura, acuicultura e pesca Juan José Fajardo – Grupo JJChicolino
11:30 - 11:45 h	Os tecidos para tapicerías de automóbiles Andrés García - Grupo Copo
11:45 - 12:00 h	Tecidos con fibras de pneumático reciclado Leticia Saiz - Signus
12:00 - 12:15 h	Preguntas, conclusións e peche da xornada